



CONCELLO DE CASTRO DE REI (LUGO)

Praza Maior, nº 1 - Tel. 982 31 40 34 - Fax 982 31 40 61 - C. P. 27250
C. I. F. P - 2701000 H - R. E. L. 01270109

DECRETO DE ALCALDÍA

D. Francisco Javier Balado Teijeiro, Alcalde-Presidente do Concello de Castro de Rei (Lugo).

Vista a proposta de selección do Tribunal Cualificador, de data 13 de decembro de 2019, nomeado para levar a cabo as probas para a selección de catro peóns que prestarán servizos múltiples con carácter temporal no concello de Castro de Rei dentro do Programa de Fomento do Emprego 2010 do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2019.

Vista a cláusula quinta das Bases para a selección en réxime de persoal laboral temporal de catro peóns de servizos múltiples no concello de Castro de Rei ao abeiro do Programa de Fomento de Emprego 2019 incluído no Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2019, aprobadas por Decreto de Alcaldía Nº 579/2019, de 25 de outubro.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, 61.1.h) da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e o 41.2 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a lista de aspirantes seleccionados, a lista de aspirantes de reserva e a proposta de selección do Tribunal Cualificador para cubrir catro postos de peón para a realización de servizos múltiples no concello de Castro de Rei, que é a seguinte:

Nº de control	APELIDOS E NOME	PUNTUACIÓN TOTAL
9	NEIRA DARRIBA, MANUEL	20,30
7	GARCÍA FERNÁNDEZ, ANTONIO	18,60
8	PENA RODRÍGUEZ, ALBERTO	18,00
5	RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, JESÚS	17,10
6	RODRÍGUEZ ARIAS, JESÚS	15,00
4	SOUTO REGO, ANTONIO	14,80

Segundo.- Transcorrido o prazo de dous días hábiles dende a publicación desta resolución na páxina web do concello e no taboleiro de anuncios desta entidade local, sen que se produza reclamación alguna que deberá ser dirixida ó tribunal cualificador, considerarase definitiva a lista inicial resultando contratados os seguintes aspirantes:

- D. Manuel Neira Darriba.
- D. Antonio García Fernández.
- D. Alberto Pena Rodríguez.
- D. Jesús Rodríguez Fernández.

Quedando na Lista de reserva: -D. Jesús Rodríguez Arias e D. Antonio Souto Rego.



Terceiro.- Formalizar os contratos de traballo baixo a modalidade de contrato temporal, en réxime de dedicación a tempo completo (100% da xornada), por un período de 9 meses comprendido dende a data de formalización do contrato ata o 30 de setembro de 2020, previo cumprimento dos requisitos esixidos na base sexta que rixe o proceso de selección.

Cuarto.- Publicar o presente decreto no taboleiro de anuncios da Casa do Concello de Castro de Rei e na páxina web www.castroderei.gal, para os efectos do disposto na base quinta das Bases que rexen a convocatoria.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE NA DATA QUE FIGURA Á MARXE

